

ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 23 de setembro de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnenos os membros da Xunta de Facultade, o mércores 23 de setembro de 2015, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (09/09/2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, de cambio de horarios solicitado polo profesor Roberto Vázquez Rozas**
- 4. Aprobación, se procede, do novo Regulamento do TFG**
- 5. Aprobación, se procede, do reparto do VAD**
- 6. Aprobación, se procede, de solicitude de recoñecementos**
- 7. Aprobación, se procede, de concesión de axuda económica para unha saída de estudos organizada pola profesora Elena de Uña**
- 8. Rogos e preguntas**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (09/09/2015)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: Fermín Pérez (asistencia I Congreso Internacional da Auga), Ladislao Castro (obrigas docentes), M^a Dolores Domínguez, (obrigas laborais), María López (obrigas laborais), M^a Carmen Fernández (motivos familiares) e Ángeles Coello (obrigas académicas).

- Informa que segundo o disposto na pasada xunta, o alumnado membro da Delegación de alumnos, non presentou a dimisión en bloque polo que non serán convocadas eleccións. En lugar do alumno David Morenza Arias que presentou a súa dimisión entra David Calviño Freire, da lista de agarda, ao que se lle dá a benvinda. David representará ao alumnado na Comisión do TFG e na de Prácticas Externas.

O alumno que se ía cunha estancia SICUE, Arturo Real López, e que tamén presentara a súa dimisión, como ao final renunciou a estadía, seguirá como membro da delegación de alumnos.

Vaise procurar adiantar as eleccións de representantes do alumnado na Xunta de Centro para a volta de vacacións do nadal.

- Comunica que a data límite para solicitar pedidos a cargo do VAD na plataforma será o 20 de novembro.
- Lembra que a aposta forte do centro é a semipresencialidade do grao en Xeografía e Historia. O número de matriculados nesta modalidade é considerable polo que se pide a colaboración sobre todo entre os docentes de 1º curso para que suban a documentación pertinente e atendan as necesidades deste alumnado.

A vicedecana Beatriz Comendador toma a palabra para comentar que hai algúns estudantes que se senten un pouco perdidos e pide que se atendan moito e que o profesorado, a través do foro de cada materia, resolva todas as dúbidas posibles e que a atención sexa regular e constante. Propón realizar, como coordinadora de 1º curso, unha xuntanza de coordinación para abordar este tema e realizar unha posta en común.

3. Aprobación, se procede, de cambio de horarios solicitado polo profesor Roberto Vázquez Rozas

O profesor Roberto Vázquez solicita uns cambios no seu horario xa que, a última hora, lle modificaron o seu horario no instituto de ensinanza media, quedando do xeito seguinte:

-A materia Linguaxes e técnicas de 1º curso, 1º cuadrimestre, pasaría a impartirse os luns de 12.00-13.00h. e os mércores de 09.00-10.00h.

-A materia de Arte contemporánea de 3º curso, 2º cuadrimestre, pasaría a impartirse os luns de 09.00-10.00h. e de 12.00-13.00h.

Apróbanse por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do novo Regulamento do TFG

A decana cédelle a palabra ao profesor Julio Prada, coordinador da materia do TFG, este explica que o Consello de Goberno aprobou a finais de xullo un novo Regulamento sobre o Traballo de Fin de Grao. Debido a este novo regulamento téñense que facer unha serie de modificacións no regulamento interno da facultade, para adaptalo á normativa aprobada. Detalla as modificacións máis significativas entre as que figura a composición do tribunal. Esta pode seguir como o tiñamos ata o de agora, ou pode ser un tribunal único ou poden establecerse 3 tribunais agrupados por áreas. Quere expresar que se observa claramente que hai tribunais que son moito máis benévolos que outros á hora de cualificar e que habería que unificar os criterios para poder outorgar a Matrícula de Honra. Tamén expresa o seu desacordo con que os/as titores/as estean no tribunal cualificador.

Despois dun breve debate, e de que os representantes do alumnado expresaran que eles se decantan polos 3 tribunais, apróbase que se establezan 3 tribunais agrupados por áreas e que os/as titores/as non formen parte deles.

Ábrese outro intercambio de opinións sobre a concesión das Matrículas de Honra. Ata o de agora se viña facendo unha ponderación entre a nota do TFG e a nota media do expediente do alumno. A profesora Elena de Uña di que non lle parece correcto a ponderación coa nota media do expediente, cre que sería máis xusto por sorteo. Despois de debater este tema, e non chegar a ningún acordo, tómase a decisión de votar entre as dúas propostas: sorteo entre os propostos para MH ou ponderar coa nota media do expediente. Realizada a votación, se obteñen os seguintes resultados: 6 votos a favor da media do expediente, 3 votos a favor do sorteo e 4 abstencións. Polo que se aproba a proposta de MH co mellor expediente académico.

5. Aprobación, se procede, do reparto do VAD

Este ano se recortou bastante a asignación ao centro do VAD. Debido a este recorte tamén se teñen que facer diminucións nas asignacións a cada docente.

Apróbase a distribución do VAD.

6. Aprobación, se procede, de solicitude de recoñecementos

Presentouse unha solicitude de recoñecementos, a docente encargada da materia a recoñecer deu o seu visto bo.

Apróbanse os recoñecementos.

7. Aprobación, se procede, de concesión de axuda económica para unha saída de estudos organizada pola profesora Elena de Uña

A profesora Elena de Uña explica que a axuda sería polo desenvolvemento e o acompañamento dunha actividade a realizar cos alumnos de primeiro.

Apróbase conceder a axuda con cargo á partida das saídas de estudo e prácticas de campo.

8. Rogos e preguntas

- A profesora Beatriz Vaquero comenta que na Aula de informática non chegan os enchufes que hai, se se poderían poñer algún máis, tamén di que, na medida do posible, se poida cambiar algunha pantalla.
- A decana comenta que se pediron presupostos para poñer pizarras vileda e substituílas polas pizarras negras que temos.
- O alumno Xoel Díaz dí que nas aulas 0.5 e 0.6 se precisarían de algúns ladróns para que o alumnado poida enchufar os portátiles.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA
23/09/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA
CALVIÑO FREIRE, DAVID
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO
CID NARVÁEZ, DANIEL

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	
	SI
SI	

COELLO FDEZ, M^a ANGELES
 COMENDADOR REY, BEATRIZ
 DÍAZ ALONSO, XOEL
 DOMÍNGUEZ PEREIRA, M^a DOLORES
 FDEZ CONTRERAS, M^a CARMEN
 GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
 GÓMEZ MANSO, BELÉN
 JUANA LÓPEZ, JESÚS DE
 LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
 MORODO DEL RÍO, JOSE
 PÉREZ LOSADA, FERMÍN
 PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER
 PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
 PRESEDO GARAZO, ANTONIO
 REAL LÓPEZ, ARTURO
 REBOREDA MORILLO, SUSANA
 SÁNCHEZ DÍAZ, ROI
 SIXIREI PAREDES, CARLOS
 UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
 VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO
 VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

	SI
SI	
SI	
	SI
	SI
SI	
	NO
SI	
	SI
	NO
	SI
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	
	NO
	NO
SI	
	SI
SI	

Susana Reborada Morillo

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO DA FACULTADE DE HISTORIA. UNIVERSIDADE DE VIGO

1. Obxecto

A presente normativa ten por obxecto establecer as directrices relativas á tramitación, definición, elaboración, presentación, defensa e avaliación do Traballo de Fin de Grao (TFG) da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, así como da súa Comisión.

2. Definición do Traballo Fin de Grao

1. O TFG é unha materia obrigatoria de 12 créditos ECTS que se cursa no segundo cuatrimestre do Grao de Xeografía e Historia. Consiste na realización e defensa por parte dos e das estudantes dun traballo tutelado no que se apliquen e desenvolvan de forma integrada os contidos formativos e as competencias asociadas ao título de Graduado en Xeografía e Historia. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia da titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos realizados ou iniciados noutras materias da mesma.

2. O TFG poderá consistir nun traballo de carácter experimental, teórico, de investigación ou manexo de fontes históricas, producións artísticas, elementos cartográficos, etc., de revisión bibliográfica ou profundización temática, nun informe de traballo de campo ou nunha memoria de actividades (xestión cultural e patrimonial, museos, aplicacións tecnolóxicas, etc.) en campos relacionados coa Titulación.

3. O TFG pode ser individual ou en equipo. Neste último suposto deberá presentarse unha proposta de envergadura suficiente que ademais permita discernir a parcela ou parcelas precisas da tarefa global da que se responsabiliza cadaquén. En todo caso, requirirá a autorización previa por parte da Comisión, a tutorización e o tribunal serán os mesmos e a defensa e a avaliación serán individuais.

4. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do TFG elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas que exerceron a función tutorial e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación. A non ser que o estudante manifeste por escrito a súa oposición en escrito elevado á Comisión, o exemplar do TFG depositado en formato dixital no Centro poderá ser consultado de acordo coa normativa vixente.

5. O TFG poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo nos termos que establezan os convenios que lle sexan de aplicación. Neste caso deberán contar cunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa, que compartirá co tutor/a académico/a as tarefas de dirección e orientación dos e das estudantes. En todo caso, é responsabilidade desta última persoa facilitar o proceso de xestión do TFG.

3. Matrícula do Traballo de Fin de Grao

1. Para poder matricularse no TFG é imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula do TFG realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de Grao.
3. A matrícula do TFG dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que concorran as condicións establecidas para a súa defensa.
4. A validez da matrícula do TFG será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.
5. No caso de que o/a estudante teña depositado o traballo no centro e conte co informe favorable do seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico.

4. Tutorización do Traballo de Fin de Grao

1. O TFG realizarase baixo a supervisión e dirección dun máximo de dúas persoas que exercerán as tarefas de tutorización. Poderán exercer a función tutorial os/as docentes da Facultade de Historia con contrato a tempo completo, asociados a tempo parcial ou figuras equivalentes. No caso dunha codirección, se require que cando menos un dos titores ou titoras teñan contrato a tempo completo. O nome do titor/a que figure en primeiro lugar será o que se introduza no programa de xestión académica.
2. A tutorización consistirá na supervisión e orientación do/da estudante en todas as cuestións relacionadas coa elección, elaboración e defensa do TFG e con calquera outro aspecto académico ou de xestión relativo ao mesmo.
3. O número máximo de TFG que pode tutorizar unha persoa é de catro por cada curso académico. Con carácter excepcional, a Comisión poderá ampliar este número cando existan circunstancias debidamente xustificadas que así o requiran.
4. A persoa ou persoas que figuren como titoras deberán dar a súa conformidade á presentación do TFG como requisito previo ao seu depósito.

5. Asignacións da temática e da tutorización do Traballo de Fin de Grao

1. Todo o estudiantado matriculado no TFG terá garantida a tutorización correspondente. Os/as docentes con capacidade para exercer a función tutorial poderán ofertar as temáticas que consideren oportunas dentro da súa Área de coñecemento para que sexan elixidas polo alumnado. Asemade, calquera estudante pode propoñer, no período habilitado ao efecto, unha temática que lle resulte de interese sen outras limitacións que as establecidas nos diferentes epígrafes do artigo 2 do presente regulamento. Neste caso, deberá contar coa aceptación previa

dun titor ou titora, que se comprometerá por escrito a asumir as tarefas inherentes ao labor de tutorización.

2. O Centro, no calendario previsto neste regulamento, fará pública unha relación ordenada de estudantes conforme ao seu expediente académico ponderado co fin de resolver aqueles casos de concorrencia temática entre varios estudantes. As materias correspondentes á Área de coñecemento á que optan terán un peso de dous terzos na cualificación final e o conxunto do expediente académico de un terzo. En todo caso se entende que esta cualificación se refire á que cada estudante posúe no momento en que se fai pública.

3. No intre de solicitar a asignación de temática e titor ou titora, os/as estudantes farán constar por orden de preferencia cando menos tres temáticas das ofertadas.

4. Caberá interpoñer recurso de apelación contra a non aceptación dun TFG por parte da Comisión no calendario e prazos previstos pola normativa.

5. A adxudicación da tutorización e da temática para o TFG terá unha validez máxima de dous cursos académicos. Transcorrido este prazo, deberá realizarse un novo proceso de adxudicación.

6. Os/as estudantes poderán solicitar un cambio na tutorización ou no tema do TFG e as persoas responsables da tutorización un cambio de estudante asignado ou de temática ofertada sempre e cando concorran circunstancias excepcionais que así o aconsellen. Neste suposto deberán elevar escrito motivado á Comisión, que resolverá sobre o caso concreto.

7. Só poderán desenvolver a función titorial aqueles docentes con capacidade para exercer a mesma que se atopen en situación de activos durante o período previsto na normativa para ofertar e solicitar a asignación da temática e da tutorización do TFG e se prevea que manteñan a súa vinculación coa Universidade de Vigo durante todo o período de tutorización. No caso de baixa prolongada sobrevida ou de finalización da vinculación coa Universidade de Vigo do/a titor/a, o Centro delegará na Comisión de TFG a asignación dun novo titor ou titora. Oído o alumnado afectado, a Comisión procederá a asignación tendo en conta as preferencias manifestadas por este sempre e cando sexan compatibles coas liñas de traballo establecidas polas diferentes Áreas e co número máximo de traballos que pode dirixir un titor ou titora.

6. Elaboración, presentación e defensa do Traballo de Fin de Grao

1. Requisitos formais.

a) O TFG terá unha extensión de entre 30 e 50 páxinas DIN-A4, sen incluír portada, índice, bibliografía e anexos.

b) O tipo de letra empregada será a Times New Roman (12pt), interliñado de 1,5, marxes superior, inferior e dereito de 2,5 cm. e marxe esquerda de 3 cm.

c) Na portada deberán figurar os seguintes datos: Grao en Xeografía e Historia, Ano académico, título completo do TFG, autor/a e titor/a.

d) O TFG deberá cumprir as normas formais ao uso (MLA, Harvard, APA, ISO, etc.) sobre presentación, citación, bibliografía, numeración e ordenación axeitada de capítulos, exposicións de conclusións etc.

e) O TFG deberá conter cando menos resumo (en calquera das linguas oficiais do Estado español e, ademais, nunha lingua da Unión Europea distinta destas), palabras-clave, índice, obxectivos, metodoloxía empregada, conclusións e bibliografía. Ademais, o título do traballo deberá figurar en español, inglés e galego.

2. Presentación e depósito do TFG.

a) O Centro e a Comisión, atendendo aos criterios organizativos e de programación docente, fixarán as datas de defensa dos TFG de acordo cos períodos de avaliación sinalados para cada cuadrimestre e farán pública a asignación de tribunais.

b) Cada estudante solicitará a defensa do TFG unha vez recibido o informe favorable da persoa titora. Excepcionalmente, a comisión delegada poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada polo/a estudante.

c) Os/as estudantes deberán presentar na Secretaría do Centro cunha antelación mínima de quince días naturais á data prevista para a defensa do TFG tres exemplares en papel e unha copia en soporte electrónico e formato PDF. Aos exemplares deberán acompañar un formulario coa solicitude de autorización de defensa do TFG co preceptivo visto bo do titor/a ou titores/as.

d) Inmediatamente despois de rematado o prazo de depósito dos TFG, o presidente ou presidenta de cada tribunal, oídos os restantes membros, fixará, dentro dos días previstos no calendario académico, a data de lectura dos TFG que lle puideran corresponder, reservará a aula de lectura e convocará aos estudantes para a mesma en intervalos de trinta minutos. A orde de actuación será alfabética. Ao mesmo tempo, fará pública a convocatoria e enviará copia da mesma á Secretaría do Centro e ao Decanato.

3. Defensa do TFG.

a) O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recepcionaran todas as actas, a secretaria do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

b) O TFG será presentado e defendido polo seu autor ou autora diante dun tribunal formado por tres membros.

c) A defensa do TFG será pública e presencial. A Comisión, con carácter excepcional e mediando petición formal e motivada do/da estudante e o titor ou titora, poderá autorizar a

defensa a distancia de forma virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que o fagan viable.

d) A exposición durará un máximo de quince minutos. O tribunal disporá de dez minutos para formular as cuestións relativas ao TFG que considere oportunas e o alumno ou alumna dun máximo de cinco para responder a estas.

7. Avaliación e cualificación do Traballo de Fin de Grao

1. O tribunal de avaliación asignado avaliará e cualificará cada TFG presentado e defendido. A cualificación deste tribunal será única.

2. Cada tribunal estará formado por tres membros titulares e dous suplentes que impartan docencia na titulación, xa teñan contrato a tempo completo ou sexan asociados a tempo parcial ou figuras equivalentes. O profesorado responsable da titorización do TFG non poderá ser membro do tribunal.

3. En cada unha das convocatorias dun mesmo curso actuarán tres tribunais. O tribunal nº 1 avaliará os TFG correspondentes ás Áreas de Arqueoloxía, Prehistoria, Historia Antiga, Historia Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas e estará composto polo profesorado pertencente ás mesmas. O tribunal nº 2 avaliará os TFG correspondentes ás Áreas de Historia Moderna, Historia Contemporánea e Historia de América e estará composto polo profesorado pertencente ás mesmas. O tribunal nº 3 será o encargado de avaliar os TFG das especialidades de Xeografía e Historia da Arte e estará composto polo profesorado pertencente ás Áreas que as integran, completándose, a partes iguais e de xeito rotatorio, cos membros dos tribunais nº 1 e nº 2 que fose preciso para garantir a súa actuación.

A Comisión designará por sorteo e de xeito rotatorio a catro membros de cada un dos tribunais e a dous suplentes. O cuarto membro substituirá ao titor ou titora que forme parte do tribunal cando este último deba avaliar un TFG titorizado por aquel ou aquela. Se o cuarto membro ou un dos suplentes debesen actuar en calquera das convocatorias, quedarán nas mesmas condicións que os restantes membros do tribunal a efectos de designación para o seguinte curso académico. No caso de que un membro titular do tribunal se atopase de baixa ou solicitase permiso docente e este lle impedise actuar en calquera das convocatorias, será substituído polo profesor que asuma as súas obrigas docentes. No caso de que este último, pola súa categoría ou condición académica, non puidera actuar, será substituído polo suplente, en cuxo caso será este quen quede nas mesmas condicións que os restantes membros do tribunal a efectos de designación para o seguinte curso académico.

4. A pertenza a un tribunal forma parte das obrigas docentes do profesorado da Titulación e será irrenunciábel, a non ser que concorran as circunstancias establecidas na normativa vixente.

5. En cada tribunal rexerá o criterio de categoría docente e antigüidade para o nomeamento de presidente/a e secretario/a. Este último será o responsable da correcta cumprimentación e entrega das actas de cualificación do TFG na Secretaría do Centro tan axiña como sexa posible ao rematar o acto.

6. A persoa ou persoas que exerzan a función tutorial poden asistir ao acto de lectura e ás deliberacións do tribunal de avaliación con voz pero sen voto.
7. O TFG cualificarase conforme á seguinte escala numérica de 0 a 10 puntos, con expresión dun decimal:
 - 0-4,9: Suspenso.
 - 5,0-6,9: Aprobado.
 - 7,0-8,9: Notable.
 - 9,0-10: Sobresáinte.
8. O tribunal cualificará de 0 a 10 e de forma motivada cada un dos seguintes apartados do TFG: aspectos formais e adecuación aos requisitos mínimos fixados; obxectivos e competencias; metodoloxía apropiada; relevancia e resultados; exposición e defensa. A nota final será a media da nota obtida nestes cinco apartados.
9. Cando un TFG fose cualificado con 9 ou 10, o tribunal, por unanimidade dos seus membros, poderá propoñer a mención de «Matrícula de Honra» (MH). No caso de que o número de propostas de MH supere á dispoñibilidade efectiva, asignaranse en función da nota media do expediente académico e, en caso de empate, por sorteo.
10. No suposto de que o tribunal cualifique con suspenso un TFG deberá redactar un informe coas recomendacións oportunas para mellorar a calidade do traballo. Este informe será entregado ao/á estudante e á persoa ou persoas responsables da titorización.

8. Dos traballos de fin de grao realizados noutra Universidade

1. De acordo co apartado 2.5 deste regulamento, o estudantado pode solicitar a realización do TFG noutra Universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. O Centro, se aproba a solicitude, solicitará unha persoa titora na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitora aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.
2. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na Universidade de destino e o visto e prace da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo.
3. A Universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do TFG.

9. Calendario do Traballo de Fin de Grao

Establécese o seguinte calendario relativo ao TFG:

- a) Sesión informativa dirixida aos/ás estudantes de 4º de Grao: segunda quincena do mes de setembro.
- b) Oferta de TFG por parte do profesorado tutor: do 1 ao 15 de outubro.
- c) Solicitudes de alumnos non incluídas na oferta: 16 a 31 de outubro
- d) Publicación das asignacións de traballos e titores: 1 a 15 de novembro.
- e) Recurso de apelación contra as asignacións 16 a 22 de novembro.
- f) Publicación definitiva: 22 de novembro a 5 de decembro.

10. Regulamento da Comisión do Traballo de Fin de Grao

1. A Comisión de TFG estará composta por un presidente ou presidenta, que exercerá como coordinador/a da materia, un secretario ou secretaria, o decano ou decana da Facultade de Historia ou persoa en quen delegue, un representante do PAS e un alumno ou alumna pertencente á Xunta de Facultade.

2. Son funcións da Comisión de TFG:

- a) Aprobar, en coordinación co Centro, o calendario anual relativo ao TFG e velar polo seu cumprimento.
- b) Autorizar a adxudicación de TFG que deban realizarse en equipo.
- c) Aprobar a asignación de máis de catro TFG por docente.
- d) Resolver os recursos de apelación contra a non aceptación dunha proposta de TFG.
- e) Resolver as solicitudes de cambio na tutorización ou no tema do TFG, así como os cambios de estudantes asignados a un tutor ou titora e as modificacións na temática ofertada.
- f) Autorizar a defensa do TFG sen o informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada polo/a estudante e a comprobación de que cumpre os requisitos establecidos na presente normativa.
- g) Resolver, conforme ao presente regulamento, sobre a mención de «Matrícula de Honra» (MH) no caso de que o número de propostas supere á dispoñibilidade efectiva.
- h) Autorizar a defensa a distancia de forma virtual dun TFG.

CONTROL DO REPARTO VAD 2015/16	CANTIDADE A REPARTIR 3.000,00€		
PROFESOR	TOTAL H.	COTA %	REPARTO
Asociado Arte	74	3,38%	101,40€
Asociado Hª Antigua (Rosa Brañas Abad)	50	2,28%	68,40€
Asociado Hª Medieval (Xosé Manuel Sánchez)	50	2,28%	68,40€
Barriocanal López, María Yolanda	150	6,83%	204,90€
Castro Pérez, Ladislao	180	8,20%	246,00€
Comendador Rey, Beatriz Pilar	50	2,28%	68,40€
de Juana López, Jesús	107	4,87%	146,10€
de Uña Álvarez, Elena	280	12,76%	382,80€
Díaz Fernández, Xosé Antón	65	2,96%	88,80€
López Díaz, María	100	4,55%	136,50€
Pérez Losada, Fermín Emiliano	130	5,92%	177,60€
Pérez Rodríguez, Francisco Javier	150	6,83%	204,90€
Pousa Diéguez, Rodrigo	30	1,37%	41,10€
Prada Rodríguez, Julio	80	3,64%	109,20€
Presedo Garazo, Antonio	110	5,01%	150,30€
Reboreda Morillo, Susana	100	4,55%	136,50€
Rodicio Pereira, Laura	30	1,37%	41,10€
Sixirei Paredes, Carlos Manuel	115	5,24%	157,20€
Valín Fernández, Alberto Juan	128	5,83%	174,90€
Vaquero Díaz, María Beatriz	110	5,01%	150,30€
Vázquez Rozas, Roberto	106	4,84%	145,20€
	2.195 H.	100%	3.000,00€